

# CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2012

## OBRADOIRO DE INSTRUMENTOS MUSICAIS CON TOMÁS RÁBANOS MURO



Iniciou os seus estudos de música nas Palmas de Gran Canaria no ano 1980, e continuou en Logroño e Santiago de Compostela, onde deu os seus primeiros pasos profesionais como profesor de solfexo, descubrindo a faceta que máis lle ía interesar: a pedagogía. Comezou, entón, estudos das diversas metodoloxías da pedagogía musical (Dalcroze, Kodály, Willems, etc), cursos de psicomotricidade, psicoloxía infantil e dirección coral.

No 1988, comezou a impartir iniciación musical para nenos dende os tres anos, sendo pioneiro en Galicia nesta idade tan temperá.

Traballa en varias escolas de música coa súa propia metodoloxía, á vez que imparte cursos para a formación do profesorado.

Dende 1996 colabora co seu traballo na Asociación de Altas Capacidades na Facultade de Psicoloxía da USC e na Asociación de Aspanaes ( mestre de música no Centro de Día de Autismo en Santiago de Compostela).

No 2011 comeza a dirixir o centro "O fogar do meu burro", dirixido a Terapias asistidas con animais.

### QUE FAREMOS CON TOMÁS O PRÓXIMO 16 DE MAIO?

Celebraremos o Día das Letras Galegas construindo instrumentos musicais con materiais de refugallo, para acompañar as nosas cancións preferidas! Así que ide afinando esas gargantas...